

[GAL]

Para saber máis...



Concello de Cee



Inauguración da factoría de Caneliñas o 14 de novembro de 1924. © Arquivo de Álex Aguilar

Condicións de traballo, ecoloxismo e a memoria de Caneliñas

Una folga pioneira

A factoría de Caneliñas, tanto na etapa norueguesa (1924-1929) como na época de IBSA (1951-1985), supuxo un auténtico revulsivo económico para a zona, proporcionando emprego a moitos homes e mulleres dos núcleos veciños, dedicados tradicionalmente á agricultura e a pesca de baixura.


Porén, as condicións de traballo eran duras, especialmente na década de 1920. O procesado das baleas era fisicamente moi esixente, había que soportar malos cheiros, as elevadas temperaturas das caldeiras, quendas de ata doce horas seguidas, e cobrábase só cando había traballo. A conxunción destes factores desembocou, en xullo de 1925, na decisión de setenta xornaleiros de abandonar a fábrica durante varios días. Esta acción foi a primeira folga de traballadores documentada na Costa da Morte.



Ramplas para subir as baleas á plataforma de despezamento en 1925
© Arquivo de Álex Aguilar



Balea na rampla de izado en 1925
© Arquivo de Álex Aguilar



A partir da etapa de IBSA, a fábrica foi reconstruída, ampliáronse as instalacións e as condicións de traballo melloraron progresivamente. As mulleres, que realizaban algunhas das tarefas máis pesadas, como a limpeza ou empurrar as vagonetas de transporte de residuos, foron igualando pouco a pouco os seus salarios cos dos homes. Tamén se construíu un edificio con cuartos de baño, vestiarios e un amplo comedor para os traballadores.

Trabajos de despezamento en Caneliñas en 1980
realizados por Nieblas Castro Beiro e Manolo Arias González
© Foto de Álex Aguilar

A conciencia ecoloxista das décadas de 1970 e 1980

Os excesos da caza comercial de baleas durante todo o século XX foron desenvolvendo unha conciencia ecoloxista contra a actividade comercial que se intensificou cara a finais da década de 1970. A organización máis activa nesta loita foi Greenpeace, que, nunha das súas primeiras accións, en agosto de 1978, interpuxo varias lanchas pneumáticas entre o baleeiro Carrumeiro e unha balea, impedindo a súa caza. Outras organizacións que se implicaron na defensa das baleas nesa época foron a Sociedade Galega de Historia Natural, ADEGA, ADENA ou Amigos da Terra.

Proa do IBSA TRES co arpoador Miguel López seguindo unha balea
© Foto de Álex Aguilar





Activistas de Greenpeace impedindo ao IBSA III a caza dunha balea. © Greenpeace. Foto de Pierre Gleizes

Fronte a estas accións de carácter pacífico, tamén se produciron dous atentados con bomba magnética contra baleeiros de IBSA nos anos 1978 e 1980. O último afundiú as embarcacións IBSA UN e IBSA DOUS, que estaban atracadas no porto de Marín, deixando á compañía tan só cun barco dispoñible para a captura de cetáceos. A acción foi posteriormente reivindicada por Paul Watson, un dos fundadores de Greenpeace, que fora

expulsado da organización e fundara un novo grupo, Sea Shepherd, partidario de accións directas, contundentes e mesmo violentas.

Este suceso limitou de maneira decisiva a capacidade de procesado da fábrica de Caneliñas, que pechou apenas cinco anos despois por mor da moratoria mundial na caza comercial de baleas imposta pola *Comisión Baleeira Internacional*.



Baleeiros afundidos despois do atentado no porto de Marín
© Greenpeace. Foto de Pierre Gleizes



Praza de despeamento no ano 2024

A recuperación dunha memoria

Despois do peche da fábrica en 1985, a dirección de IBSA decidiu manter un pequeno cadro de persoal e ao director Julio Arias nas instalacións, coa esperanza de poder reiniciar a actividade. Con todo, en 1994 a compañía entrou en bancarrota. Caneliñas foi vendida aos bancos acredores, quedando abandonada e finalmente desmantelada.

A pesar do seu abandono, Caneliñas continúa sendo a fábrica mellor conservada de todas as que operaron na Península Ibérica e os seus muros son memoria silenciosa dun tempo xa desaparecido. Boa parte desa memoria foi recuperada en 2014 grazas á publicación da monografía titulada "Chimán: a pesca baleeira moderna na Península Ibérica", escrita polo catedrático de Bioloxía Animal da Universidade de Barcelona, Álex Aguilar.



Aguilar traballou como biólogo nas fábricas baleeiras galegas entre 1978 e 1985 e, por tanto, foi testemuña privilexiada do período final da caza de baleas en Europa. Nesta obra non só achega o coñecemento derivado da súa experiencia persoal, senón que tamén proporciona abundante información gráfica e documental procedente dos arquivos das empresas baleeiras e testemuños das persoas que traballaron en Caneliñas.